

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2021-2022**

**DEPARTAMENTO
BIOLOXÍA e XEOLOXÍA**

**I.E.S. CASTRO ALOBRE
VILAGARCÍA DE AROUSA**

ÍNDICE:

1. Consideracións legislativas. Marco legal: contextualización e datos do departamento

2. Introducción

3. Obxectivos

3.1. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

4. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, contidos, competencias clave, mínimos esixibles, actividades de aprendizaxe e instrumentos de avaliación. ESO

- | | |
|---------------------------------------|-----------------------------------|
| 4.1. <u>1º ESO. Bioloxía-Xeoloxía</u> | 4.1.1. Mínimos esixibles |
| | 4.1.2. Actividades de aprendizaxe |
| | 4.1.3. Instrumentos de avaliación |

4.2. Temporalización 1º ESO. Bioloxía-Xeoloxía

- | | |
|---------------------------------------|-----------------------------------|
| 4.3. <u>3º ESO. Bioloxía-Xeoloxía</u> | 4.3.1. Mínimos esixibles |
| | 4.3.2. Actividades de aprendizaxe |
| | 4.3.3. Instrumentos de avaliación |

4.4. Temporalización 3º ESO. Bioloxía-Xeoloxía

- | | |
|---------------------------------------|-----------------------------------|
| 4.5. <u>4º ESO. Bioloxía-Xeoloxía</u> | 4.5.1. Mínimos esixibles |
| | 4.5.2. Actividades de aprendizaxe |
| | 4.5.3. Instrumentos de avaliación |

4.6. Temporalización 4º ESO. Bioloxía-Xeoloxía

- | | |
|--|-----------------------------------|
| 4.7. <u>4º ESO. Cultura Científica</u> | 4.7.1. Mínimos esixibles |
| | 4.7.2. Actividades de aprendizaxe |
| | 4.7.3. Instrumentos de avaliación |

4.8. Temporalización 4º ESO. Cultura Científica

- | | |
|--|-----------------------------------|
| 4.9. <u>4º ESO. Ciencias aplicadas</u> | 4.9.1. Mínimos esixibles |
| | 4.9.2. Actividades de aprendizaxe |
| | 4.9.3. Instrumentos de avaliación |

4.10. Temporalización 4º ESO. Ciencias aplicadas

5. Concrecións metodolóxicas para ESO

6. Obxectivos do bacharelato

7. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, contidos, competencias clave, mínimos esixibles, actividades de aprendizaxe e instrumentos de avaliación. BACHARELATO

- 7.1 Bioloxía-Xeoloxía 1º de bacharelato**
 - 7.1.1. Mínimos esixibles**
 - 7.1.2. Actividades de aprendizaxe**
 - 7.1.3. Instrumentos de avaliación**

7.2. Temporalización Bioloxía-Xeoloxía 1º de bacharelato

- 7.3. Anatomía Aplicada 1º de bacharelato**
 - 7.3.1. Mínimos esixibles**
 - 7.3.2. Actividades de aprendizaxe**
 - 7.3.3. Instrumentos de avaliación**

7.4. Temporalización Anatomía Aplicada 1º de bacharelato

7.5 Cultura Científica 1º de bacharelato

7.6 Temporalización Cultura científica de 1º bacharelato

- 7.7 Bioloxía 2º de bacharelato**
 - 7.5.1. Mínimos esixibles**
 - 7.5.2. Actividades de aprendizaxe**
 - 7.5.3. Instrumentos de avaliación**

7.8. Temporalización Bioloxía 2º de bacharelato

7.9. Ciencias da Terra 2º Bacharelato

- 7.5.1. Mínimos esixibles**
- 7.5.2. Actividades de aprendizaxe**
- 7.5.3. Instrumentos de avaliación**

7.10. Temporalización CCTT 2º de bacharelato

8. Concrecións metodolóxicas para bacharelato.

9. Criterios de corrección, avaliación e cualificación

- 9.1. Instrumentos de avaliación**
- 9.2. Criterios de cualificación**
- 9.3. Recuperación de avaliación/s suspensa/s**

10. Programa de reforzo e recuperación de pendentes para ESO e 1º bacharelato durante o curso

11. Procedementos para a acreditación dos coñecementos necesarios no bacharelato

12. Materiais e recursos

13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

14. Actividades complementarias e extraescolares

15. Medidas de atención á diversidade

16. Información ó alumnado

17. Actividades previstas de acordo co plan lector

18. Actividades previstas de acordo co plan de integración das TICs

19. Actividades previstas de acordo co plan de convivencia

20. Actividades previstas de acordo co proxecto lingüístico

21. Temas transversais

22. Plan de continxencia por materia e nivel

1.a. CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Castro Aobre está situado no casco urbano de Vilagarcía de Arousa, localidade con aproximadamente 37.741 habitantes segundo o censo oficial do ano 2013.

En canto ás características físicas do centro son as seguintes: conta con dous edificios, o da ESO que data de hai máis de cincuenta anos, onde está situada a biblioteca, e o de Bacharelato e Ciclo do ano 1999.

Durante o presente curso o centro conta cos seguintes grupos:

- 5 grupos de 1º ESO.
- 5 grupos de 2º ESO.
- 5 grupos de 3º ESO (un deles inclúe o grupo de PMR).
- 5 grupos de 4º ESO
- 4 grupos de 1º Bac.
- 4 grupos de 2º Bac.
- 2 grupos CAE.

O instituto conta con dous talleres de Tecnoloxía, dúas aulas de Música, dúas aulas de Plástica, dúas de Informática, dous laboratorios de Física e Química e de Ciencias Naturais, dúas salas de profesorado, dúas salas de recepción de pais e nais e cinco despachos para o equipo directivo, trece locais para os Departamentos Didácticos, dúas oficinas de administración e un salón de actos. Ademais, conta cunha aula de Mediación e unha casa destinada antigamente a casa do/a conserxe e que hoxe en día é utilizada para uso académico e sala de exposicións.

Neste centro impártese Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, un Ciclo Formativo de Grado Medio, un Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento en 2º e 3º ESO. Contamos ademais con OITO Seccións Bilingües, catro de francés e catro de inglés.

O departamento ten como materias a impartir na ESO, Bioloxía-Xeoloxía nos niveis de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO, Cultura Científica de 4º ESO e no bacharelato Bioloxía-Xeoloxía, Cultura científica e Anatomía aplicada no nivel de 1º de bacharelato e Bioloxía de 2º de bacharelato

Respecto ó número de alumnado, neste curso temos matriculados 780 alumn@s.

O claustro neste curso está formado por 64 profesores e profesoras. O persoal non docente conta co seguinte número de persoal:

- Conserxería: 3
- Administración: 2
- Limpeza: 4

1.b. DATOS DO DEPARTAMENTO

Materias que se imparten no departamento:

- Bioloxía-Xeoloxía: 1º ESO, 3º de ESO e 4º de ESO
- Ciencias aplicadas de 4º ESO
- Cultura científica de 4º ESO
- Cultura científica: 1º Bacharelato
- Bioloxía- Xeoloxía: 1º Bacharelato
- Anatomía aplicada: 1º Bacharelato
- Bioloxía: 2º Bacharelato.
- CTMA: 2º Bacharelato

PROFESORADO E MATERIAS IMPARTIDAS**M^a José Cascallar Caneda**

Profesora de Ensino Secundario con destino definitivo no IES Castro Alobre

1º ESO	Biología e Xeoloxía	grupo A	4 h
1º ESO	Biología e Xeoloxía	grupo B	4 h
1º ESO	Biología e Xeoloxía	Grupo C	4 h
1º ESO	Biología e Xeoloxía	grupo D	4 h
1º ESO	Biología e Xeoloxía	grupo E	4 h
TOTAL (horas de clase)			20 h

Milagros Torrado Meaños

Profesora de Ensino Secundario con destino definitivo no IES Castro Alobre

4º ESO	Biología e Xeoloxía	Grupo A	3 h
4º ESO	Biología e Xeoloxía	Grupo B/C	3 h
4º ESO	Biología e Xeoloxía	Grupo D	3 h
1º BACHARELATO	Biología e Xeoloxía	Grupo A	4 h
1º BACHARELATO	Biología e Xeoloxía	Grupo B	4h
1º BACHARELATO	Anatomía Aplicada	Grupos B	3 h
TOTAL (horas de clase)			20 h

Lourdes Acuña Miguéns

Profesora de Ensino Secundario con destino definitivo no IES Castro Alobre.

4º ESO	Biología e Xeoloxía	Grupo E	3 h
4º ESO	Cultura Científica	Grupos A, B, E	3 h
2º Bacharelato	Biología	Grupo A	4 h
2º Bacharelato	Biología	Grupo B	4 h
2º Bacharelato	CTMA	Grupo A/B	3h
Xefatura de departamento			2 h
TOTAL (horas de clase)			17 h

Laura Cabo Domínguez

Profesora de Ensino Secundario en expectativa de destino

3º ESO	Bioloxía e Xeoloxía	grupo A	2 h
3º ESO	Bioloxía e Xeoloxía	Grupo B	2 h
3º ESO	Bioloxía e Xeoloxía	Grupo C	2 h
3º ESO	Bioloxía e Xeoloxía	Grupo D	2 h
3º ESO	Bioloxía e Xeoloxía	Grupo E	2 h
4º ESO	Ciencias Aplicadas	Grupo E (desdoble)	3 h
1º Bacharelato	Cultura Científica	Grupo A,B,C,D	2 h
1º Bacharelato	Anatomía Aplicada	Grupos A/C/D	3 h
		TOTAL (horas de clase)	18 h

Libros de texto 2019-2020

Curso	Título	Edición	Lingua
ESO 1º	EDIXGAL		Galego
ESO 3º	EDIXGAL		Galego
ESO 4º	EDIXGAL		Galego

1.3. MARCO LEGAL.

Esta programación realizouse segundo as seguintes disposicións legais:

- *Lei Orgánica 2/2006*, do 3 de maio, de Educación. Texto consolidado
- *Lei Orgánica 8/2013*, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- RESOLUCIÓN do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Aclaracións relativas a diversos aspectos do bacharelato derivados do réxime transitorio da implantación da LOMCE para o curso 2016/2017
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- Orde de xuño de 2016, pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- Real Decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato, a Formación Profesional e as ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes do Ensino Secundario
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Tamén se eñen en conta os criterios emanados do Proxecto Curricular e do Proxecto Educativo do Centro, as decisións de carácter xeral adoptadas polo Departamento e, finalmente, da experiencia acumulada polas profesoras na didáctica da área.

2. INTRODUCCIÓN

A materia de *Biología e Xeoloxía*, tanto na etapa da educación secundaria obrigatoria como no bacharelato, debe contribuír a que o alumnado desenvolva as competencias clave de cada etapa educativa, pondo especial atención na adquisición da competencia científica en todas as súas dimensións. Non se trata, pois, unicamente de adquirir coñecementos relacionados coa bioloxía e a xeoloxía, senón de que o alumnado aprenda a observar e a reflexionar sobre situacións reais, recoller datos, tomar decisións, ter curiosidade, iniciativa, motivación e moitos outros aspectos que o leven a un mellor desenvolvemento do seu contorno e a un mellor benestar social. A bioloxía e a xeoloxía deberán tamén contribuír a que as persoas melloren a súa autoestima e a superar prexuízos, respectar diferenzas e participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, mediante o uso do diálogo e respectando a diversidade cultural.

Durante estas etapas perséguese asentar as competencias xa adquiridas, para ir mellorando un nivel competencial que conduza o alumnado a non perder o interese que ten desde o comezo da súa temperá actividade escolar por non deixar de aprender.

Durante o primeiro ciclo da ESO, o eixe vertebrador da materia xirará en torno aos seres vivos e a súa interacción coa Terra, incidindo nomeadamente na importancia que a conservación do ambiente ten para todos os seres vivos.

Tamén durante este ciclo, a materia ten como núcleo central a saúde e a súa promoción. O principal obxectivo é que o alumnado adquira as capacidades e as competencias que lle permitan coidar o seu corpo a nivel tanto físico como mental, así como valorar e ter unha actuación crítica ante a información e ante actitudes sociais que poidan repercutir negativamente no seu desenvolvemento físico, social e psicolóxico. Preténdese tamén que os alumnos e as alumnas entendan e valoren a importancia de preservar o ambiente polas repercusións que ten sobre a súa saúde.

Así mesmo, deben aprender a ser responsables das súas decisións diarias e das consecuencias que estas teñen na súa saúde e no contorno, e comprender o valor que a investigación ten nos avances médicos e no impacto da calidade de vida das persoas.

Neste primeiro ciclo, o bloque "Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica" e o bloque "Proxecto de investigación" son comúns a primeiro e a terceiro de ESO. Dado que a bioloxía e xeoloxía son disciplinas de carácter científico, debemos ter sempre eses bloques como marco de referencia no desenvolvemento do currículo.

Non se trata, por tanto, de bloques illados e independentes dos demais, senón que están implícitos en cada un deles e son a base para a súa concreción.

En Bioloxía e Xeoloxía de primeiro de ESO, o currículo parte do mundo macroscópico, máis concreto, observable e identificable polo alumnado (como a Terra no Universo, a biodiversidade no planeta Terra e os ecosistemas), para se achegar en terceiro de ESO a un nivel máis abstracto (estudo microscópico da célula, o ser humano e a saúde, o relevo terrestre e a súa evolución).

Finalmente, en cuarto curso de ESO iníciase o alumnado nas grandes teorías que permitiron o desenvolvemento máis actual desta ciencia (a tectónica de placas, a teoría celular e a teoría da evolución), para finalizar co estudo dos ecosistemas, as relacións tróficas entre os niveis e a interacción dos organismos entre eles e co medio, así como a súa repercusión na dinámica e na evolución dos devanditos ecosistemas. No bacharelato, a materia de Bioloxía e Xeoloxía afonda nas competencias adquiridas en ESO, analizando con maior detalle a organización dos seres vivos, a súa biodiversidade, a súa distribución e os factores que nela inflúen, así como o comportamento da Terra como un planeta en continua actividade. A xeoloxía toma como fío condutor a teoría da tectónica de placas. A partir dela farase énfase na composición, na estrutura e na dinámica do interior terrestre, para continuar coa análise dos movementos das placas e as súas consecuencias (expansión oceánica, relevo terrestre, magmatismo, riscos xeolóxicos, etc.) e finalizar co estudo da xeoloxía externa.

A bioloxía preséntase co estudo dos niveis de organización dos seres vivos (composición química, organización celular e estudo dos tecidos animais e vexetais). Tamén se desenvolve e completa nesta etapa o estudo da clasificación e a organización dos seres vivos, e moi en especial desde o punto de vista do seu funcionamento e da adaptación ao medio en que habitan.

Ao longo das etapas de ESO e bacharelato, a materia de Bioloxía e Xeoloxía permitirá ao alumnado desenvolver as competencias esenciais que se inclúen no currículo, así como as estratexias do método científico. Entre estas competencias haberá que considerar a lingüística e a dixital, a través da realización de tarefas en grupo que supoñan compilar e organizar información, expola de xeito oral e escrito, elaborar presentacións e defender as opinión propias en debates na aula. Os alumnos e as alumnas deberán desenvolver tamén nesta etapa a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual; e igualmente deberán potenciar actitudes conducentes á reflexión e á análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións se suscitan, e coñecer e utilizar as normas básicas de seguridade e uso do material de laboratorio.

En adición ao anterior e debido aos grandes retos biotecnolóxicos actuais, a materia de Bioloxía e Xeoloxía deberá ter, no seu tratamento metodolóxico, un carácter eminentemente práctico, baseado na realización de variadas e adecuadas tarefas experimentais, adaptadas a cada nivel, que permitan ao alumnado alcanzar as destrezas necesarias no manexo de material de laboratorio, microscopios, material de campo, recollida de mostras, resolución de problemas e todos os que lle permitan afrontar no futuro estudos científicos coa formación necesaria para o seu correcto desenvolvemento. Para alcanzar estes obxectivos ao longo do currículo preséntanse actividades de laboratorio e manexo de modelos baseados nas novas tecnoloxías, que se engaden á formación teórica que se recolle nos contidos.

Xa que logo, a materia de Bioloxía e Xeoloxía en ESO e en bacharelato ha permitir que os alumnos e as alumnas adquiren un nivel competencial que lles axude a ser cidadáns e cidadás con respecto por si mesmos/as, coas demais persoas e co medio, co material que utilizan ou que está ao seu dispor; a ser responsables, capaces de ter criterios propios e de manter o interese por aprender e descubrir.

3. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, contidos, competencias clave, mínimos esixibles, actividades de aprendizaxe e instrumentos de avaliación.

4.1. 1º ESO

4.1.1. MÍNIMOS ESIXIBLES

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.Clave	Mínimos esixibles
BX 1º ESO	B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.	CCL, CMCCT	Utiliza o vocabulario do glosario correctamente para completar ou escribir textos adecuados ao seu nivel.
BX 1º ESO	B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes. BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes. BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	CD,CAA,C CL	Identifica as ideas principais dun texto científico. Preséntaa en esquemas, taboas... e as interpreta dando a súa opinión razoada.
BX 1º ESO	B1.3. Realizar un traballo experimental coa axuda dun guiión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.	BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado. BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	CMCCT,CS C,CSIEE,C AA	Realiza unha práctica (no laboratorio ou de campo) seguido un guiión, respetando as normas e expresa as conclusións de forma clara.
BX 1º ESO	B2.1. Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo, e a formación e a evolución das galaxias.	BXB2.1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.	CMCCT	Da unha explicación clara sobre a orixe e evolución do universo.
BX 1º ESO	B2.2. Expor a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.	BXB2.2.1. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.	CMCCT	Recoñece o sistema solar situa os astros que o forman e difenzaos polas súas características principais.
BX 1º ESO	B2.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	CMCCT	Identifica as características que fan da Terra un planeta habitado.
BX 1º ESO	B2.4. Localizar a posición da Terra no Sistema Solar.	BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.	CMCCT	Localiza a Terra en esquemas do S. Solar
BX 1º ESO	B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida. BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.	CMCCT	Describe con claridade os movementos da Terra e da lúa. Utiliza os para explicar a existencia do día e a noite, as eclipses, as estacións ou as mareas. Realiza e interpreta gráficas destes procesos.

DEPARTAMENTO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

PROGRAMACIÓN 2021-2022

BX 1º ESO	B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade. BXB2.6.2. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.	CMCCT	Identifica as capas da xeosfera, coñece os principais materiais que as compoñe e describe as características de cada unha.
BX 1º ESO	B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salienta a súa importancia económica e a xestión sustentable.	BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos. BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá. BXB2.7.3. Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.	CMCCT,C AA,CCEC, CSC	Diferencia minerais de rochas. Recoñece as súas características principais (cor, brillo ,textura...) e os usos máis comúns no noso entorno. Utiliza claves dicotómicas. Defende con razoamentos lóxicos o uso responsable dos recursos minerais, a reciclaxe...
BX 1º ESO	B2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire.	BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera. BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe. BXB2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.	CMCCT	Localiza as capas da atmosfera, composición, características principais e como inflúen na protección dos seres vivos.
BX 1º ESO	B2.9. Investigar e recoller información sobre os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución.	BXB2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.	CSC,CSIEE	Identifica os problemas de contaminación causados por actividades humanas: causa, consecuencias e posibles solucións.
BX 1º ESO	B2.10. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela.	BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.	CSC	É consciente do papel protector da atmosfera, recoñece as actividades humanas que contaminan e defende hábitos non contaminantes.
BX 1º ESO	B2.11. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.	BXB2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.	CMCCT	Identifica a molécula da auga, a súa composición, as características e a importancia da auga para a vida.
BX 1º ESO	B2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.	CMCCT	Interpreta esquemas que representan o ciclo da auga, recoñece os cambios de estado que se producen.
BX 1º ESO	B2.13. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sustentable da auga e de actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa reutilización.	BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.	CSC,CSIEE	Xustifica utilizando os seus coñecementos científicos o uso sostible da auga e o seu tratamento. Describe de forma ordenada e clara os procesos de potabilización e depuración.
BX 1º ESO	B2.14. Xustificar e argumentar a importancia de preservar e non contaminar as augas doces e salgadas.	BXB2.14.1. Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas	CSC	E consciente das consecuencias que ten para os seres vivos a contaminación da auga e da repercusión que ten o uso que cada un de nos facemos dala.

DEPARTAMENTO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

PROGRAMACIÓN 2021-2022

BX 1º ESO	B2.15. Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida.	BXB2.15.1. Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.	CMCCT	Selecciona as características principais das distintas capas que posibilitan o desenvolvemento da vida na Terra.
BX 1º ESO	B3.1. Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características morfolóxicas principais dos grupos taxonómicos.	BXB3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.	CCEC,CMCCT	Xustifica a importancia de manter a biodiversidade. Coñece e aplica criterios de clasificación dos seres vivos adaptados ao seu nivel.
BX 1º ESO	B3.2. Categorizar os criterios que serven para clasificar os seres vivos e identificar os principais modelos taxonómicos aos que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	BXB3.2.1. Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.	CMCCT	Identifica as características principais dun ser vivo, selecciona o grupo ao que pertence e xustifica a súa importancia biolóxica
BX 1º ESO	B3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos taxonómicos e explicar a súa importancia no conxunto dos seres vivos.	BXB3.3.1. Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.	CMCCT	Coñece os grandes grupos taxonómicos e as súas características singulares.
BX 1º ESO	B3.4. Caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados.	BXB3.4.1. Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen. BXB3.4.2. Recoñece exemplares de vertebrados e asígnalos á clase á que pertencen.	CMCCT	Diferencia vertebrados de invertebrados, recoñece as características dos grupos principais e clasifica correctamente exemplares presentes no entorno ou moi coñecidos,
BX 1º ESO	B3.5. Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida, e caracterizar os principais grupos de plantas.	BXB3.5.1. Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos. BXB3.5.2. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.	CMCCT	Describe e realiza esquemas dos procesos de nutrición. Recoñece o importante papel que desempeña a nutrición autótrofa. Coñece os principais grupos de plantas e as características que as identifican.
BX 1º ESO	B3.6. Utilizar claves dicotómicas ou outros medios para a identificación e a clasificación de animais e plantas.	BXB3.6.1. Clasifica e identifica animais e plantas a partir de claves de identificación.	CAA	Identifica plantas e animais utilizando claves dicotómicas sinxelas.
BX 1º ESO	B3.7. Determinar a partir da observación as adaptacións que permiten aos animais e ás plantas sobrevivir en determinados ecosistemas, con especial atención aos ecosistemas galegos.	BXB3.7.1. Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas. BXB3.7.2. Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns. BXB3.7.3. Identifica exemplares de plantas e animais propios dos ecosistemas galegos.	CMCCT,CAA,CCEC	Recoñece a evolución dos seres vivos e as adaptacións que experimentan ante cambios que se producen no medio para evitar a súa desaparición. Identifica especies en perigo de extinción no entorno.
BX 1º ESO	B4.1. Diferenciar os compoñentes dun ecosistema.	BXB4.1.1. Identifica os compoñentes dun ecosistema.	CMCCT	Identifica os compoñentes dun ecosistema.
BX 1º ESO	B4.2. Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o seu equilibrio.	BXB4.2.1. Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.	CMCCT	Recoñece o factor que desencadea un desequilibrio e as medidas para reconducilo (situacións claras ao seu nivel).

BX 1º ESO	B4.3. Recoñecer e difundir accións que favorezan a conservación ambiental.	BXB4.3.1. Selecciona accións que prevenen a destrución ambiental.	CSC,CSIEE	Recoñece na vida cotiá situación que poden producir cambios no medio e recoñece a necesidade de fomentar as que contribuen a conservación ambiental.
BX 1º ESO	B5.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	BXB5.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	CAA,CMC CT	Coñece e aplica o método científico na realización dos traballos de investigación
BX 1º ESO	B5.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación, e a argumentación.	BXB5.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	CAA,CCL	Xustifica as súas hipóteses con argumentos razoados nos que aplica os coñecementos que vai adquirindo
BX 1º ESO	B5.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e sobre os métodos empregados para a súa obtención.	BXB5.3.1. Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	CMCCT,C D	Utiliza diferentes fontes información e soportes para as presentacións das investigacións.
BX 1º ESO	B5.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	BX.B5.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	CSC,CSIEE	É activo e respetuoso.
BX 1º ESO	B5.5. Expor e defender en público o proxecto de investigación realizado.	BXB5.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula. BXB5.5.2. Expressa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	CAA,CMC CT,CSIEE, CD,CCL,C CEC	Realiza as tarefas e exposicións que lle corresponden de forma axeitada coas súas capacidades.

4.1.2. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

Materia	Bloque	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe
BX 1º ESO	Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica	h,p	B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita.	Actividades presentes en todos os boletíns (completar textos, relacionar co seu significado..., definir as palabras do glosario do tema.)
BX 1º ESO	Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica	b,e,f, g,h, m,p	B1.2. Metodoloxía científica: características básicas. B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.	Traballos de investigación nos que sempre debe aplicarse o método científico.
BX 1º ESO	Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica	b,f,g	B1.4. Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados. B1.5. Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material.	Traballos de investigación e realización de tarefas cun plan de traballo e conclusións debidamente argumentadas. Elaboración dun reglamento de cumprimento obligatorio nas prácticas.
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	f	B2.1. Principais modelos sobre a orixe do Universo.	Exercicios e boletín
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	f,l	B2.2. Compoñentes do Universo. B2.3. Características do Sistema Solar e dos seus compoñentes. B2.4. Concepcións sobre o Sistema Solar ao longo da historia.	Exercicios e boletín.
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	f	B2.5. Os planetas no Sistema Solar.	Exercicios, boletín
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	f	B2.6. O planeta Terra: características.	Exercicios, boletín, Buscar novas nos xornais e revistas que fagan referencia ao tema e comentalas
BX	Bloque 2. A Terra no universo	f	B2.7. Os movementos da Terra, da Lúa e do	Realización e interpretación de esquemas

Materia	Bloque	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe
1º ESO			Sol, e as súas consecuencias.	(actividades e boletín)
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	f	B2.8. A xeosfera: estrutura e composición da codia, o manto e o núcleo.	Exercicios , boletín. Realización de lecturas (Viaxe ao centro da Terra...) comentadas na aula. Vídeo: Tectónica de placas
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	f,g,n, o	B2.9. Minerais e rochas: propiedades, características e utilidades. B2.10. Xestión sustentable dos recursos minerais. Recursos minerais en Galicia.	Exercicios ,Boletín. Recoñecemento de minerais e rochas. Vídeo: o ciclo das rochas
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	f	B2.11. A atmosfera: composición e estrutura. O aire e os seus compoñentes. Efecto invernadoiro. Importancia da atmosfera para os seres vivos.	Exercicios e boletín de actividades. Traballo de investigación: causas, consecuencias e posibles solucións
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	b,e,f, g,m	B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións.	Traballo investigación
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	f,m	B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións.	Exercicios e boletín de actividades
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	f	B2.13. A hidrosfera. Propiedades da auga. Importancia da auga para os seres vivos.	
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	f,m	B2.14. A auga na Terra. Auga doce e salgada. B2.15. Ciclo da auga. B2.16. A auga como recurso	
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	a,f,g, m	B2.17. Xestión sustentable da auga.	Realización dun traballo individual con planos e explicación dos procesos.
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	f,m	B2.18. Contaminación das augas doces e salgadas.	traballo anterior
BX 1º ESO	Bloque 2. A Terra no universo	f	B2.19. A biosfera. Características que fixeron da Terra un planeta habitable.	Exercicios e boletín de actividades.
BX 1º ESO	Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra	f,l,m	B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade. B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial. B3.3. Reinos dos seres vivos: Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.	
BX 1º ESO	Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra	f	B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade. B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial. B3.3. Reinos dos seres vivos. Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.	
BX 1º ESO	Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra	f,m	B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade. B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial. B3.3. Reinos dos seres vivos. Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.	
BX 1º ESO	Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra	f	B3.4. Invertebrados: poríferos, celentéreos, anélidos, moluscos, equinodermos e artrópodos. Características anatómicas e fisiolóxicas. B3.5. Vertebrados: peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos. Características anatómicas e fisiolóxicas.	
BX 1º ESO	Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra	f,m	B3.6. Plantas: brións, feitos, ximnospermas e anxiospermas. Características principais, nutrición, relación e reprodución.	
BX 1º ESO	Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra	b,e,g	B3.7. Clasificación de animais e plantas a partir de claves dicotómicas e outros medios.	
BX 1º ESO	Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra	g,l,o	B3.8. Identificación de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas, especies en extinción e especies endémicas. Adaptacións dos animais e as plantas ao medio.	

Materia	Bloque	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe
			Biodiversidade en Galicia.	autóctonas.
BX 1º ESO	Bloque 4. Os ecosistemas	f	B4.1. Ecosistema: identificación dos seus compoñentes. B4.2. Factores abióticos e bióticos nos ecosistemas. B4.3. Ecosistemas acuáticos. B4.4. Ecosistemas terrestres.	Exercicios e boletín de actividades.
BX 1º ESO	Bloque 4. Os ecosistemas	f,g,m	B4.5. Factores desencadeantes de desequilibrios nos ecosistemas. B4.6. Estratexias para restablecer o equilibrio nos ecosistemas.	
BX 1º ESO	Bloque 4. Os ecosistemas	a,g,m	B4.7. Accións que favorecen a conservación ambiental. Bloque 5. Proxecto de investigación	
BX 1º ESO	Bloque 4. Os ecosistemas	b,c	B5.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación.	Aplícase en todos os traballos ao longo do curso
BX 1º ESO	Bloque 4. Os ecosistemas	b,f,g	B5.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación.	Práctica investigación. Diseñar un traballo de investigación sobre o desenvolvemento dun vexetal. Práctica e traballo escrito cos datos da experimentación e conclusións
BX 1º ESO	Bloque 4. Os ecosistemas	e	B5.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.	Aplícase en todos os traballos ao longo do curso
BX 1º ESO	Bloque 4. Os ecosistemas	a,b,c	B5.3. Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	Realízanse varios ao longo do curso.

4.1.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Materia	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
BX 1º ESO	BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.	Rúbricas de boletíns, traballos, exposición orais ... ao longo de todo o curso.
BX 1º ESO	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes. BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes. BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	
BX 1º ESO	BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado. BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	
BX 1º ESO	BXB2.1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.	Proba escrita
BX 1º ESO	BXB2.2.1. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.	Proba escrita Rúbrica
BX 1º ESO	BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	Proba escrita
BX 1º ESO	BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.	
BX 1º ESO	BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida. BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.	
BX 1º ESO	BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade. BXB2.6.2. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.	Rubricas de boletíns Proba escrita
BX 1º ESO	BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos. BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.	Rúbricas actividades boletín. Proba escrita

Materia	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
	BXB2.7.3. Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.	
BX 1º ESO	BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera. BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe. BXB2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.	Proba escrita Rúbrica boletín
BX 1º ESO	BXB2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.	Rubricas traballo investigación contaminación atmosfera, efecto invernadoiro: causas, consecuencias e solucións posibles.
BX 1º ESO	BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.	Rúbricas traballo investigación.
BX 1º ESO	BXB2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.	Proba escrita
BX 1º ESO	BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.	Proba escrita
BX 1º ESO	BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.	Rúbrica traballo de investigación.
BX 1º ESO	BXB2.14.1. Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas	Rúbrica traballo de investigación.
BX 1º ESO	BXB2.15.1. Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.	Proba escrita
BX 1º ESO	BXB3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.	Proba escrita
BX 1º ESO	BXB3.2.1. Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.	Proba escrita boletíns
BX 1º ESO	BXB3.3.1. Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.	Control e rúbricas exercicios, boletín.
BX 1º ESO	BXB3.4.1. Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen. BXB3.4.2. Recoñece exemplares de vertebrados e asígnalos á clase á que pertencen.	Rúbricas de prácticas identificación e boletíns.
BX 1º ESO	BXB3.5.1. Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos. BXB3.5.2. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.	Controis e rúbricas boletín
BX 1º ESO	BXB3.6.1. Clasifica e identifica animais e plantas a partir de claves de identificación.	Rúbricas de prácticas identificación
BX 1º ESO	BXB3.7.1. Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas. BXB3.7.2. Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns. BXB3.7.3. Identifica exemplares de plantas e animais propios dos ecosistemas galegos.	Rubricas prácticas identificación. Rúbricas traballo de investigación ecosistema galegos, especies autóctonas e en perigo de extinción
BX 1º ESO	BXB4.1.1. Identifica os compoñentes dun ecosistema.	Proba escrita
BX 1º ESO	BXB4.2.1. Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.	Proba escrita
BX 1º ESO	BXB4.3.1. Selecciona accións que prevenen a destrución ambiental.	Rúbricas traballos de investigación con novas sacadas de revistas e xornais.
BX 1º ESO	BX B5.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	Rúbricas traballos investigación.
BX 1º ESO	BXB5.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	Rúbricas boletín, exercicios caderno clase... longo do curso.
BX 1º ESO	BXB5.3.1. Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	Rubricase en todo os traballos ao longo do curso.
BX 1º ESO	BX.B5.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	Avaliase ao longo do curso mediante rúbricas nos distintos traballos
BX 1º ESO	BXB5.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula. BXB5.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	Rúbricas nos traballos d investigación presentados ao longo do curso. Rubricase nas presentacións de traballos e intervencións nas clases

4.2 SECUENCIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 1º ESO**1º AVALIACIÓN**

Búsqueda de información para rechea un cuestionario de resposta múltiple, Realización dun mural fotográfico que explique os procesos da gametoxénese e o desenvolvemento embrionario, Situar volcáns e seismos nun mapa mundi e relacionar os resultados coa tectónica de placas, Investigación en grupos de tres alumnos/as sobre un bioma e exposición na aula, ANATOMÍA: Lectura e comentario de textos relacionados coa acción motora e as actividades artísticas, Búsqueda na rede de información sobre lesións do aparato locomotor, resultados dos malos hábitos posturais, Elaboración dun gran mural onde se representen as principais vías metabólicas interrelacionadas, diferenciando con cores a súa activación ou inhibición durante a actividade física, Explicación con axuda dunha presentación power point dos tipos de nutrientes e a súa acción no organismo, Investigar as consecuencias para a saúde dos trastornos nutricionais, Presentación en power point da acción endocrina en relación coa actividade física e artística, CULTURA C.: análise de diversos artigos científicos en diferentes soportes, Investigación coas novas tecnoloxía para contestar diferentes cuestións relacionadas, Visionado de videos-power point sobre volcáns e sismos cuestionario, Investigación/debate para responder en equipos diversas cuestión, Debate na aula sobre a ética e intereses das farmacéuticas

9. CRITERIOS DE CORRECCIÓN, AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

O dereito dos alumnos e das alumnas a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento se valoren e se recoñezan con **obxectividade**.

9.1. Instrumentos de avaliación e criterios de corrección

- **Probas escritas:** abarcará sempre un bloque coherente de contidos. Poden incluír preguntas teóricas sobre os conceptos traballados, exercicios de relacionar ou completar, de comprensión da materia, cuestións prácticas como problemas, interpretación de gráficos e esquemas, análise de textos científicos.....
- **Rúbricas das actividades e tarefas:** as actividades e tarefas propostas de Bioloxía-Xeoloxía de 1º ESO, 3º ESO e 4º ESO, Ciencias aplicadas de 4º ESO, Bio-Xeo de 1º de bacharelato, Cultura Científica de 4º ESO e 1º de bacharelato e Anatomía Aplicada de 1º de bacharelato serán rubricadas e ponderadas de tal xeito que se obterá unha cualificación medible, obxectiva e ponderada.

Xunto coa proposta e explicación da actividade ou tarefa ao alumnado e, polo tanto, antes da súa realización, o/a profesor/a ensinará e explicará a rúbrica da mesma ao alumnado de xeito que este comprenda e teña coñecemento do que se vai cualificar e como se vai facer. Do mesmo xeito se lle esclarecerá a ponderación da rúbrica, isto é, pode ocorrer que nunha avaliación non todas as rúbricas ponderen sobre 10 para a cualificación media.

Procederáse da seguinte maneira:

- A/o profesor/a sinalará os estándares que se van valorar coa tarefa ou actividade.
- Explicará a tarefa ou actividades a realizar polo alumnado
- Elaborará a rúbrica e comentará a mesma co alumnado para que este coñeza como se realiza a avaliación das aprendizaxes e a súa ponderación.
- Listaxe de observacións directas: recolleranse no caderno do profesor as observacións sobre a elaboración do boletín/caderno, o progreso, traballo persoal, participación, esforzo e actitude de cada alumno/a.

9.2. Criterios de cualificación.

A cualificación de cada alumno/a en cada avaliación para aprobar a avaliación será de 5 ou superior sobre 10.

A cualificación final da avaliación ordinaria será a media das tres avaliacións ou das súas recuperacións se é o caso. O/a profesor/a poderá ofertar ao alumnado a posibilidade de subir a cualificación final ordinaria a través de distintas probas a aquel alumnado que así o quixera.

Se existen probas obxectivas e claras de que un traballo escrito fora plaxiado, será anulado.

Aos/as alumnos/as que amosen **métodos fraudulentos nalgunha das probas obxectivas anularáselle dita proba.**

Bioloxía-Xeoloxía de 1º ESO:

O 50% da cualificación se obterá da media das probas escritas que serán polo menos dúas en cada avaliación.

O 50% restante será obtido con:

- 30%: cualificación do/s traballo/s de investigación proposto pola profesora (individuais ou en grupo);
- 20%: cualificación da listaxe de observación directa: caderno, traballo, esforzo, participación... (rúbrica).

Biología-Xeoloxía de 3º ESO:

O 60% da cualificación se obterá da media das probas escritas que serán polo menos dúas en cada avaliación.

O 40% restante será obtido con:

- 20%: cualificación do/s traballo/s de investigación proposto polo/a profesor/a (individuais ou en grupo) (rúbrica).
- 20%: cualificación da listaxe de observación directa: boletín/caderno, traballo, esforzo, participación... (rúbrica).

Biología-Xeoloxía 4º ESO:

O 70% da cualificación se obterá da media das probas escritas que serán polo menos dúas en cada avaliación.

O 30% restante será obtido con:

- 20%: cualificación do/s traballo/s de investigación proposto polo/a profesor/a (individuais ou en grupo). (rúbrica)
- 10%: cualificación da listaxe de observación directa: boletín/caderno, traballo, esforzo, participación... (rúbrica).

Ciencias aplicadas a actividade profesional 4º ESO:

O 50% da cualificación se obterá da media das probas escritas que serán polo menos dúas en cada avaliación.

O 50% restante será obtido coa:

- 25%: cualificación do/s traballo/s de investigación proposto pola profesora (individuais ou en grupo); (rúbrica);
- 25%: cualificación da listaxe de observación directa: boletín/caderno, traballo, esforzo, participación... (rúbrica).

Cultura Científica de 4º ESO e de 1º bacharelato, Anatomía Aplicada de 1º bacharelato e Ciencias da Terra e do medio ambiente de 2º Bacharelato:

As probas escritas valerán un 50% da cualificación.

Os traballos individuais ou en grupos propostos pola profesora valerán un 30% da cualificación. O 20% restante obterase coa listaxe de observación directa (rúbrica): boletín/caderno, traballo, esforzo, participación...

Biología-Xeoloxía de 1º de bacharelato:

O 80% da cualificación se obterá da media das probas escritas que serán polo menos dúas en cada avaliación. O 20% restante será obtido coa:

- cualificación do/s traballo/s de investigación proposto pola profesora (individuais ou en grupo); (rúbrica)
- cualificación da listaxe de observación directa: boletín/caderno, traballo, esforzo, participación... (rúbrica).

Biología 2º de bacharelato:

A cualificación en bacharelato prioriza a adquisición de contidos así como a necesidade de preparar ao alumnado para as probas de reválida e o acceso a estudos posteriores:

- 90% da cualificación obterase da media das probas escritas (mínimo dúas en cada avaliación). Ademais dos contidos mínimos, valoraranse tamén diferentes aspectos como: linguaxe axeitada ao nivel cursado, claridade, corrección e concreción na resposta e nos razoamentos, presentación e competencia lingüística.

- 10% restante obterase coa listaxe de observación directa: participación, realización de actividades que permitan levar a materia ao día, traballos e exercicios, atención e esforzó... (*rúbrica*)

Neste curso as características das probas obxectivas serán:

- ✓ Preguntas similares ao das probas ABAU para que o noso alumnado se familiarice con estas.
- ✓ Cada pregunta irá acompañada do seu valor no total da proba.
- ✓ Admítense e discútese calquera aclaración ou disconformidade coa cualificación sempre que esta sexa fundamentada e se presente con respecto e corrección e a proba non presente correctores tipo *Tipex*.
- ✓ Requerirase ao alumnado seguir nos exames as mesmas pautas que nas ABAU (móviles, pelo...).

A porcentaxe das probas escritas poderá verse reducido nalgunha materia de determinados cursos nalgunha/as avaliación/s para aumentar a porcentaxe dos traballos, **sendo informado o alumnado deste axuste antes de comezar dita avaliación**: explicaráselle claramente as novas porcentaxes e publicarase no curso correspondente da aula virtual ou da plataforma Edixgal.

9.3. Recuperación na avaliación ordinaria e extraordinaria

O alumnado con algunha/s avaliación/s suspensa/s terá a opción de recuperala/s antes da ***avaliación ordinaria***. Para conseguir aprobar a materia nestas recuperacións a profesora indicará que traballos, boletíns (ou calquera outra actividade realizada ao longo da/s avaliación/s suspensa/s) se poderán volver presentar. Ademais deberá realizar unha proba escrita para conseguir aprobar cantas avaliacións teña suspensas e así acadar os mínimos esixibles. As porcentaxes dos criterios de cualificación serán os mesmos aplicados durante o curso e se necesitará unha **cualificación mínima de 5 sobre 10** para aprobar en cada unha das avaliacións e facer a media entre as tres.

Aquel alumnado que non acade a cualificación de cinco ou máis nesta convocatoria ordinaria poderá recuperar a materia antes do 22 de xuño, na ***avaliación extraordinaria***. Poderá presentar de novo calquera traballo ou actividade realizada e deberá realizar unha proba escrita que abarcará os estándares non superados durante o curso. As porcentaxes serán de novo, os aplicados durante as avaliacións do curso académico.

10. PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA AS MATERIAS PENDENTES:

Para os alumnos con materias pendentes do noso departamento, establecemos o seguinte plan de recuperación:

- **Alumnado coa materia de 1º ESO pendente de cursos anteriores.**
 - O departamento preparará boletíns de actividades para repasar e preparar a superación da materia. Estas actividades son para traballar a materia do exame de recuperación e tratarán sobre os coñecementos e procedementos dos que se examinarán. Os boletíns estarán a disposición do alumnado na conserxería. Previamente os/as profesores/as encargados/as de recollelos e valoralos terán unha reunión cos alumnos suspensos para informalos. Ademais, dende a xefatura de departamento, se fará unha comunicación por escrito que se colgará no taboleiro de cada aula.
 - O boletín poderán recollelo a principios de outubro e estará dividido en tres partes (avaliacións).
 - A realización destes boletíns, completos, ben presentados e traballados, e en prazo previsto, suporá **ata un 40%** da nota, e servirá de guía para a preparación do exame de pendentes.
 - As probas escritas de pendentes constarán de cuestións sobre os contidos fixados na programación anual que se desenvolveron durante o curso e suporán **ata un 60%** da cualificación. Os obxectivos,

así como contidos mínimos e criterios xerais de avaliación, son os anunciados na programación anual do curso.

- A proba escrita poderá realizarse na primeira semana de febreiro (data a concretar; avisarase con antelación nas aulas onde haxa alumnado coa materia pendente).
- O/a alumno/a que así o desexe poderá presentar todo o boletín completo e recuperar na convocatoria de febreiro toda a materia.
- O alumnado que acade unha media de 5 ou superior (entre a cualificación dos boletíns e a proba escrita) terá superada a materia (ou da parte á que se presenta ou toda a materia en caso de presentarse con todo).
- O alumnado que non supere a primeira parte, ou que non se presentase nesa primeira convocatoria, poderá presentarse a unha proba global na data marcada pola xefatura de estudos. Neste caso se a cualificación media entre a proba escrita e a cualificación dos boletíns acada unha nota de 5 ou superior o/ alumno/a terá a materia superada.

- **Alumnado coa materia de Bioloxía e Xeoloxía de 3º da ESO pendente**

- Facilitarase tamén un boletín (dividido en tres partes ou avaliacións) de actividades de repaso durante o mes de outubro. Seguirase o mesmo protocolo de reunión e información co alumnado, presentación de boletíns e posibilidades de presentarse cunha parte da materia ou con toda en febreiro.
- A presentación deste boletín completo, ben presentado e traballado e en prazo previsto suporá ata un **30%** da nota, e servirá tamén de guía para a preparación do exame de pendentes. A proba escrita tera un valor dun **70%**.
- O exame de pendentes realizarase nas datas oficiais indicadas por xefatura de estudos.
- A partir dunha cualificación de 5 (entre a nota obtida nas probas escritas e a nota obtida na realización dos boletíns) a asignatura está aprobada.

- **Alumnado de 2º de bacharelato coa materia Bioloxía-Xeoloxía, Cultura Científica ou Anatomía Aplicada de 1º de bacharelato pendente:**

- Realizarase unha reunión coa xefa de departamento en outubro, e ofreceráselle a posibilidade de realizar probas antes da data fixada pola dirección.
- Os alumnos poderán examinarse de toda a materia en febreiro (data fixada por eles mesmos, na reunión coa xefa de departamento, en función da súa disponibilidad), ou ben dividir a materia en dous bloques, examinándose do primeiro bloque en febreiro (na mesma data ca outra opción) e do segundo bloque en abril (data tamén fixada por eles). O alumnado que non aprobe o exame de febreiro poderá repetilo en abril.
- Aqueles alumnos que superen as probas anteriores se lles manterá o aprobado ata a avaliación de pendentes. É necesario obter cinco na media dos exames anteriores, no caso de examinarse en dous bloques, ou cinco en caso de facer un exame de toda a materia.
- O alumnado que non recupere a asignatura ou non se presente ás probas nas datas anteriores terá a posibilidade de facer o exame na data oficial contemplada no calendario elaborado polo equipo directivo.
- As probas escritas se cualificarán sobre dez, sendo necesaria unha nota de 5 para superar a proba.
- Os obxectivos, así como contidos mínimos e criterios xerais de avaliación, son os anunciados na programación anual do curso.

- **Alumnado repetidor que non acadou os mínimos na nosa materia (en calquera nivel ou materia do departamento)**

Ao alumnado que repita curso sen haber conseguido aprobar unha materia pertencente ao noso departamento ofreceráselle unha atención individualizada. Terá a súa disposición un recreo e unha das horas de xefatura da xefa do departamento para preguntar calquera dúbida sobre a materia. En caso de que sexa necesario poderá ser derivado ao profesorado que imparte esa materia.

11. PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NO BACHARELATO

O alumnado que vai cursar Bioloxía de 2º de bacharelato e non cursou a Bioloxía-Xeoloxía de 1º de bacharelato está condicionado á superación da materia de 1º. Para que o alumnado nesta situación poda conseguir a acreditación da materia de 1º de bacharelato e poder cursar bioloxía de 2º bacharelato o departamento acorda deberá realizar unha proba escrita como a a fai o alumnado que ten a materia de bioloxía e xeoloxía de 1º de bacharelato. Esta proba realizarase nos primeiros días de setembro. A data estará fixada no calendario oficial de exames de setembro.

No caso de que o/a alumno/a no supere a proba de setembro, será convocado a unha reunión informativa coa xefa de departamento e a profesora que imparte a materia en 2º de bacharelato, na que se lles dará información sobre os contidos de dita proba, se lle facilitará o material necesario (textos, fotocopias, tarefas, actividades, mínimo esixibles...) e se acordará con eles as datas que precisen para poder realizar un seguemento e apoio para poder preparar a proba escrita; serán avaliadas con antelación ao remate do curso de 2º de bacharelato e poda superar a materia.

12. MATERIAIS E RECURSOS

Para o desenvolvemento dos distintos temas do *currículum* e apoio das clases utilizaranse os seguintes materiais e recursos:

- ❖ Ordenador: EDIXGAL en 1º, 3º e 4º ESO.
- ❖ Libros de consulta e guías tanto do Departamento de Ciencias Naturais como da Biblioteca do centro.
- ❖ Material audiovisual.
- ❖ Ordenador con conexión a internet e canón de proxección nas aulas. Os grupos de 1º de ESO participan do proxecto Abalar
- ❖ Material de laboratorio para levar a cabo as prácticas propostas.
- ❖ Coleccións de rochas, minerais e fósiles.
- ❖ Material elaborado polas propias profesoras.
- ❖ Material elaborado polo departamento, como claves dicotómicas de vexetais, invertebrados, vertebrados, rochas e minerais.
- ❖ Visitas e saídas que aparecen reflexadas nas actividades extraescolares da programación.
- ❖ Aula de informática según dispoñibilidade

13. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Un dos aspectos que recolleamos na programación deste departamento é a **avaliación da nosa propia práctica docente** e da nosa programación. Para iso entendemos que se fai preciso ter en conta:

- As conclusións obtidas da nosa propia avaliación deben servir para mellorar a nosa práctica docente e a propia programación do departamento
- A avaliación realizada ó final do curso servirá para a mellora de cara aos próximo alumnado, pero se fai precisa unha avaliación continua, por exemplo tras rematar cada unidade didáctica ou despois da realización das tarefas ou actividades ou cada trimestre cos resultados da avaliación do alumnado, para detectar lagoas, aspectos que supuxeron unha dificultade especial para o alumnado, necesidade de actividades de reforzó ou ampliación, valorar a adecuación da tarefa ou actividade....

Ademáis de todo o que vaia xurdindo ao longo do curso que nos faga modificar o programado, valorar e consensuar entre os/as profesores/as do departamento a necesidade de introducir ou eliminar actividades deseñadas, modificar temporalizacións.... plantexamos unha serie de indicadores de logro que nos axuden a sistematizar o traballo de autoavaliación e facelo de xeito reflexivo e con capacidade de autocrítica. Agrupamos estes indicadores en catro bloques: programación, actividades de aula, diversidade e avaliación.

PROGRAMACIÓN:

- As programacións están feitas e repartidas coherentemente entre os/as compañeiros/as dun mesmo curso.
- Consulto a programación ao longo do curso e en caso necesario realizo e anoto modificacións
- Recoilo de xeito específico na miña programación as competencias básicas ou fundamentais
- O realizar as programacións teño en conta os recursos do centro, do contorno e do propio grupo de alumnos
- Ao comezar cada novo traballo, unidade didáctica, tarefa ou actividade proporciono ós alumnos e alumnas toda a información que precisan (aspectos que imos traballar, estándares, actividades, competencias a desenvolver...)

ACTIVIDADES DE AULA.

- O alumnado implícase nas actividades que lle propoño e amosan interés na súa realización
- Propicio o traballo individual e cooperativo, e o intercambio de ideas entre os compañeiros/as
- Propoño exercicios abertos, diversos e procedimentais sobre os exercicios pechados e do libro
- Na miña metodoloxía utilizo metodoloxías TICs e actividades que faciliten a aprendizaxe autónoma sobre as explicacións teóricas e o libro.
- Nas miñas clases podo adicar moito tempo á observación, a responder preguntas, correxindo de xeito individual, ás actividades prácticas en vez de explicacións teóricas.

DIVERSIDADE:

- Ideo e realizo procedementos para coñecer a diversidade da aula
- Consulto informes de cursos anteriores e consulto coa titora ou titor.
- Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, formar grupos...
- Plantexo exercicios de diferente nivel en cada unidade, exame, proba..
- Teño en conta ao alumnado que se alonxa da media nos dous sentidos

AVALIACIÓN:

- Antes de comezar unha unidade ou tarefa ou actividade explico ao alumnado que, con que frecuencia e en base a que avaliarei
- Utilizo diferentes tipos de probas.
- Unha vez que remato cada unidade, tarefa ou actividade evalúo a idoneidade dos recursos utilizadas no proceso de aprendizaxe
- Entre avaliacións programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado
- Na avaliación teño en conta diferentes competencias

O análise dos resultados desta avaliación utilizarémolos para a mellora da nosa actividade docente, da metodoloxía empregada, das actividades realizadas e da propia programación. Ao longo do curso durante as reunión de departamento e na memoria final ó remate do curso recolleremos os resultados obtidos polo noso alumnado e as propostas de mellora.

Deste xeito, e como mínimo ao final de cada avaliación faremos unha reunión de departamento adicada a propia *avaliación da nosa práctica docente e da propia programación*. Cada profesor/a exporá o desenvolvemento da avaliación nos cursos que imparte, indicando o seguimento da programación en que estado se atopa, as dificultades para seguila ou as carencias que manifesta, así como as propostas de mellora a realizar para conseguir maior satisfacción no noso traballo e mellorar a atención ao noso alumnado. Do mesmo xeito, cada profesor/a valorará os resultados obtidos, as causas destes resultados e os posibles cambios ou estratexias para intentar melloralos. Estes análises os recollerá cada profesor/a nuns documentos de referencia que quedarán incluídos na acta da sesión de departamento correspondente. Tamén na memoria final de curso quedará reflectida a avaliación da programación didáctica e da nosa práctica docente.

Os documentos de referencia propostos para estas avaliacións son os seguintes:

RESULTADOS CURSO 202-2022 - AVALIACIÓN: _____**Unha táboa para cada un dos grupos de 1º ESO**

BIO-XEO	Nº ALUMN@S	APROBADOS	%APROBADOS
1º ESO _____			
Concrecións			
Propostas de mellora			

Unha táboa para cada un dos grupos de 3º ESO

BIO-XEO	Nº ALUMN@S	APROBADOS	%APROBADOS
3º ESO _____			
Concrecións			
Propostas de mellora			

Unha táboa para cada un dos grupos de Bioloxía e Xeoloxía de 4º ESO

BIO-XEO	Nº ALUMN@S	APROBADOS	%APROBADOS
4º ESO _____			
Concrecións			
Propostas de mellora			

CIENCIAS APLICADAS	Nº ALUMN@S	APROBADOS	%APROBADOS
4º ESO			
Concrecións			
Propostas de mellora			

Unha táboa para cada un dos grupos de 1º Bacharelato - BioXeo

BIO-XEO	Nº ALUMN@S	APROBADOS	%APROBADOS
1º BACHARELATO			
Concrecións			
Propostas de mellora			

CULTURA CIENTÍFICA	Nº ALUMN@S	APROBADOS	%APROBADOS
1º BACHARELATO A/B/C/D			
Concrecións			
Propostas de mellora			

ANATOMÍA APLICADA	Nº ALUMN@S	APROBADOS	%APROBADOS
1º BACHARELATO			
Concrecións			
Propostas de mellora			

BIOLOXÍA	Nº ALUMN@S	APROBADOS	%APROBADOS
2º BACHARELATO			
Concrecións			
Propostas de mellora			

CTMA	Nº ALUMN@S	APROBADOS	%APROBADOS
2º BACHARELATO A/B			
Concrecións			
Propostas de mellora			

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE						
NIVEL: MATERIA:		NIVEL DE LOGRO				
		1	2	3	4	5
PROGRAMACIÓN	As programacións están feitas e repartidas coherentemente entre as compañeiras dun mesmo curso.					
	Consulta a programación ao longo do curso e en caso necesario realizo e anoto modificacións					
	Recollo de xeito específico na miña programación as competencias básicas ou fundamentais					
	O realizar as programacións teño en conta os recursos do centro, do contorno e do propio grupo de alumnos					
	Ao comezar cada novo traballo, unidade didáctica, tarefa ou actividade proporciono ós alumnos e alumnas toda a información que precisan (aspectos que imos traballar, estándares, actividades, competencias a desenvolver...)					
ACTIVIDADES DE AULA	O alumnado implícase nas actividades que lle propoño e amosan interés na súa realización					
	Propicio o traballo individual e cooperativo, e o intercambio de ideas entre os compañeiros/as					
	Propoño exercicios abertos, diversos e procedimentais sobre os exercicios pechados e do libro					
	Na miña metodoloxía utilizo metodoloxías TICs, e actividades que faciliten a aprendizaxe autónoma sobre as explicacións teóricas e o libro.					
	Nas miñas clases podo adicar moito tempo á observación, a responder preguntas, correxindo de xeito individual, ás actividades prácticas en vez de explicacións teóricas.					
DIVERSIDADE	Ideo e realizo procedementos para coñecer a diversidade da aula					
	Consulta informes de cursos anteriores e consulta coa titora ou titor					
	Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, formar grupos...					
	Plantexo exercicios de diferente nivel en cada unidade, exame, proba..					
	Teño en conta ao alumnado que se alonxa da media nos dous sentidos					
AVALIACIÓN	Antes de comezar unha unidade ou tarefa ou actividade explico ao alumnado que, con que frecuencia e en base a que avaliarei					
	Utilizo diferentes tipos de probas					
	Unha vez que remato cada unidade, tarefa ou actividade evalúo a idoneidade dos recursos utilizadas no proceso de aprendizaxe					
	Entre avaliacións programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado					
	Na avaliación teño en conta diferentes competencias					

PROPOSTAS DE MELLORA PARA O PRÓXIMO CURSO
ACTIVIDADES PROGRAMADAS
TEMPORALIZACIÓN
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
OUTRAS

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este ano o departamento de Bioloxía e Xeoloxía non propón actividades extraescolares. Cando as condicións climatolóxicas e sanitarias o permitan, utilizarase a zona verde do instituto para a realización de proxectos e traballos co noso alumnado cumprindo con todas as esixencias de seguridade e cun protocolo Covid adaptado a cada actividade e presentado ao equipo directivo do centro. En caso dunha mellora evidente nas normas e medidas Covid poderá propoñerse algunha saída fora do centro; esta deberá ser aprobada seguindo os cauces apropiados.

15. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O centro conta cun “**plan de orientación**” que inclúe medidas coordinadas para a atención á diversidade. A partir deste plan aplícanse as medidas específicas segundo os diversos casos concretos.

As características do alumnado, diferentes intereses, motivacións e adquisicións de capacidades, determinan a necesidade dunha diversidade metodolóxica no proceso de aprendizaxe.

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar ao alumnado que precisa da aplicación de medidas.

Ao inicio do curso prestarase atención á detección de alumnado con dificultades de aprendizaxe,

mediante probas de comprensión científica con textos adaptados ao curso respectivo e tamén apoiados no informe individual do alumno do curso anterior . Despois de desenvolver as primeiras sesións de clase poderemos detectar necesidades educativas especiais (dificultades para entender os contidos, falta de interese e motivación, dificultade na expresión oral e escrita, dificultades na comunicación profesor-grupo, mala actitude e pouca colaboración nas tarefas) polo que se establecerán as medidas apropiadas:

- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas
- Adaptación das actividades e tarefas
- Atención individual na realización de prácticas
- Procurarlle ao alumnado ritmos de traballo diferentes
- Propor tarefas que melloren a expresión oral e escrita do alumno

Así mesmo a observación do desenvolvemento das diferentes actividades (exposicións orais, prácticas,..), durante as que se manterá unha relación e comunicación continua cos alumnos/as permitiranos readaptar continuamente o proceso para acadar os estándares marcados.

O centro elaborará un protocolo específico para o alumnado TDA/TDH onde quedarán reflectidas as medidas aplicadas para atender á diversidade deste alumnado. Estas medidas serán informadas ás familias.

16. INFORMACIÓN AO ALUMNADO

A programación do departamento é pública e xunto coas programacións do resto de departamentos se publicita na [páxina web do centro](#).

Todo o noso alumnado terá acceso ao material da súa materia e curso, subido na [aula virtual do centro/plataforma Edixgal](#). No caso de 1º, 3º e 4º ESO todo o material traballarase a través de plataforma EDIXGAL. Nalgúns grupos terán tamen material dispoñible no Google Drive de cada profesor/a.

Ao principio de curso, e se fose necesario ao comezar cada avaliación, as profesoras do Departamento informarán ao alumnado de cada aula na que imparten clase, de todo o relacionado coa materia: criterios de cualificación e avaliación, contidos mínimos, exame de pendentes, rúbrica de actividades e tarefas, mecanismos de recuperación, organización para o curso...

Ante cada tarefa ou actividade proposta a profesora detallará o mecanismo de valoración, corrección e cualificación da mesma, tal como se indica no apartado de criterios de avaliación e cualificación.

Tamén se fará unha xuntanza co alumnado de bacharelato e 4º de ESO que ten a materia pendente de cursos anteriores por parte da xefa de departamento para explicarlles as medidas de reforzo e a maneira de superar dita materia. Esta reunión informativa se realizará durante a primeira quincena de outubro.

Ademais a/os profesores/as estamos a disposición do/as titores/as para facilitar a información necesaria sobre o alumnado para a súa comunicación ás familias.

17. ACTIVIDADES PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN LECTOR

Estudos e investigacións realizadas a nivel nacional e mundial afirman que o noso país ten a porcentaxe máis baixa en lectura per capita.

O plan lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas.

Dentro das actividades realizadas polo departamento cabe destacar:

- Realización co alumnado de actividades de comprensión lectora utilizando textos e biografías científicas
- Participación nas actividades propostas dende o equipo de biblioteca, que este curso xiran en torno ao tema: culturas descoñecidas
- Elaboración de resumos, mapas conceptuais e esquemas.
- Resolución de cuestións relacionadas cos contidos teóricos que faciliten a comprensión e asimilación dos mesmos.
- Utilización da lectura en voz alta como instrumento para mellorar a comprensión lectora.
- Recomendación ao alumnado da utilización de libros de consulta cando se detecte que non teñen os coñecementos previos necesarios para poder acadar os obxectivos marcados na programación.
- Fomento do uso e consulta dos dicionarios.
- Realización de traballos de documentación antes e despois dunha actividade complementaria e extraescolar.
- Realización de traballos de investigación na rede
- Busca de información en xornais e revistas de temas de actualidade relacionados coa Ciencia
- Exposición oral dos proxectos desenvolvidos polos alumnos.

Ademais este departamento propoñerá ós alumnos lecturas relacionadas coa ciencia para poder realizalas durante o tempo adicado ó plan lector dentro da programación do centro.

Tamén en relación ao plan lector elaboraremos materiais para os cursos de 3º e 4º de ESO dentro do proxecto desenvolvido dende o equipo de biblioteca para este curso.

O departamento participará co equipo da biblioteca en todos os niveis de ESO e 1º de bacharelato no desenvolvemento do proxecto deste curso " A DISCAPACIDADE ". As tarefas a desenvolver co alumnado se irán perfilando ao longo da primeira avaliación nas reunións de departamento, e serán presentadas na CCP da segunda avaliación según conste na orde do día.

18. ACTIVIDADES PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

O plan TIC ten como finalidades:

- Incorporacións das TIC o proceso de ensino
- Utilización e aproveitamento dos recursos existentes no centro
- Organización dos espazos do centro

Algunhas das actividades propostas do plan TIC e desenvolvidas no departamento son as seguintes:

- Exposición de traballos coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC utilizando o programa informático Power Point.
- Fomento da participación na mellora e dinamización da páxina web do instituto.
- Manexo dos principais programas ofimáticos: procesador de texto (Word), folla de cálculo (Excel), Power Point e Paint entre outros.
- Fomento do uso da rede Internet como ferramenta para obter, interpretar e avaliar información para realizar proxectos tecnolóxicos ou traballos relacionados cos contidos das diferentes materia do currículo.
- Promoción da utilización dos servivios de Internet: consulta de páxinas web, correo electrónico, chats, grupos de noticias, foros e transferencias de arquivos.
- Utilización por parte das profesoras dos recursos TIC cós que contamos nas aulas. As aulas de 1º e 2º de ESO contan con pizarras dixitais, ordenadores do alumno para o plan abalar, canón e ordenador para o profesorado. O resto das aulas contan co ordenador do profesorado e canón.
- Utilizaremos as salas de informática 2/3 sempre que as circunstancias o permitan, xa que son as aulas á disposición para uso de todos os profesores excluindo as clases da materia de informática, para a que existe outra aula de informática.

19. ACTIVIDADES PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE CONVIVENCIA

Todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar. Neste sentido, o departamento participará na elaboración, desenvolvemento, control do cumprimento e avaliación do Plan de convivencia.

Normas de convivencia

De acordo co Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros e co NOF do centro, establécense normas de convivencia en relación ao profesorado que este departamento deberá cumprir:

- Educar ao alumnado para a convivencia democrática, incorporando nas súas programacións e práctica docente os contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos, en coherencia coas decisións que, a tales efectos, se adopten na planificación do proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

- Participar na elaboración do Plan de convivencia e das normas de convivencia do centro, directamente ou a través dos seus representantes nos órganos colexiados do centro, así como cumprir e facer cumprir ditas normas e disposicións sobre convivencia
- Fomentar un clima positivo de convivencia no centro e na aula, e durante as actividades complementarias e extraescolares, favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Manter o orde e velar polo adecuado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula como fóra dela, corrixindo e poñendo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
- Impoñer as medidas disciplinarias que se deriven do incumprimento das normas de convivencia do centro, de acordo co disposto no Real Decreto e no RRI do centro.
- Informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias adoptadas ao respecto.
- Controlar as faltas de asistencia así como os retrasos dos alumnos e informar aos titores, segundo o procedemento establecido.
- Actividades para facilitar a integración e participación dos alumnos na vida diaria do Centro. Actividades para tratar os días previamente fixados na CCP (Muller traballadora, Día internacional contra a violencia de xénero, Día mundial dos dereitos humanos, Letras no Aobre...
- Actividades para fomentar actitudes cívicas e responsables que desde a nosa materia poden traballarse co alumnado

20.ACTIVIDADES PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LINGÜÍSTICO

As/os profesoras/es que compoñen este departamento non imparten clase en ningunha das linguas extranxeiras (inglés, francés, alemán) que se recollen no proxecto lingüístico do centro, pero si que, atendendo á normativa, impartimos as nosas clases en lingua galega. Ademáis, en colaboración cos outros departamentos, co equipo directivo e o Equipo de Dinamización Lingüística promovemos :

- ✓ A utilización do galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado e entre o profesorado e o persoal non docente.
- ✓ Contribuir a desterrar prexuízos lingüísticos cara ao galego ou cara a outras linguas
- ✓ Colaborar para conseguir que a actitude do alumnado cara á lingua galega sexa positiva e que a utilicen en calquera situación.
- ✓ Colaborar para que o galego sexa a lingua de comunicación oral e escrita entre os membros da ANPA e o resto da comunidade educativa.
- ✓ Colaborar para que os recursos das TICs (páxina web, blogues, etc) sexan en galego.
- ✓ Facilitar material de apoio para os alumnos en galego fotocopias e textos complementarios

21. TEMAS TRANSVERSAIS

De acordo co contido do decreto que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria, hai un conxunto de temas transversais que deben estar presentes nas diversas áreas deste currículo. Dende as materias que impartimos podemos traballar os seguintes aspectos dos temas transversais

Educación moral e cívica

Actitude receptiva, colaboradora e tolerante nas relacións entre individuos e nas actividades en grupo.

Valoración positiva da existencia de diferencias entre as persoas e entre os grupos sociais pertencentes á nosa sociedade ou a outras sociedades ou culturas diferentes á nosa. (relacionado co estudo da diversidade biolóxica)

Actitude crítica ante calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias individuais ou sociais.(en relación coa biodiversidade, procesos evolutivos)

Sensibilidade ante as grandes e graves diferencias que existen entre os países industrializados e os países subdesenvolvidos. (introducido en temas como enfermidades e uso de medicamentos, avances científicos, alimentación e saúde)

Respecto cara ás persoas de avanzada idade e cara aquelas que sofren algún tipo de enfermidade.(Incluído nas unidades de saúde)

Valoración dos esforzos que realizan moitas persoas con discapacidades físicas e mentais para mellora-la súa calidade de vida. (incluído nas unidades relacionadas coa saúde, aparellos e sistemas)

Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento da nosa sociedade; en particular, os dereitos e deberes dos cidadáns e das cidadás.

Análise crítica dos valores culturais da nosa sociedade.

Interese por coñecer e conserva-lo patrimonio cultural e natural da nosa sociedade e doutras culturas.(tratarase especialmente nas unidades de xeomorfoloxía, biodiversidade, evolución)

Sensibilidade ante as consecuencias catastróficas dalgúns fenómenos naturais que asolan determinadas rexións.(Moi a propósito nas unidades que tratan os fenómenos xeolóxicos, o estudo da Terra e a biodiversidade)

Educación para a paz

Respecto polas opinións e crenzas das outras persoas.

Recoñecemento do diálogo como medio para resolve-las discrepancias nas opinións así como os diversos tipos de conflitos, tanto interpersoais como sociais.

Reflexión sobre as consecuencias negativas que pode carrea-la mala aplicación dalgunhas investigacións científicas.

Recoñecemento do diálogo cos pais ou cos profesores, como medio para aclara-los numerosos conflitos persoais e os interrogantes que se xeran durante a adolescencia.

Educación para a saúde. Educación sexual

Posta en práctica das normas de seguridade propias dun laboratorio para evitar accidentes.

Recoñecemento da importancia que ten consumir unha dieta equilibrada.

Recoñecemento da importancia de coida-los ecosistemas para mante-las nosa saúde.

Potenciación e desenvolvemento dos hábitos de hixiene e coidado corporal.

Interese por coñecer algunhas enfermidades máis comúns que afectan á nosa sociedade.

Toma de conciencia de que o hábito de fumar prexudica seriamente a saúde.

Interese por coñece-los efectos negativos das drogas e o alcol sobre o sistema nervioso.

Hábito de practicar algún deporte de forma regular.

Valoración da sexualidade como un mecanismo de identificación da persoa e como un medio de comunicación do afecto que existe entre dúas persoas.

Educación para a igualdade entre os dous sexos

Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista que se dan na actualidade.

Recoñecemento da Bioloxía e da Xeoloxía como dúas ciencias dirixidas tanto a homes coma a mulleres.

Valoración das diferencias fisiolóxicas e psicolóxicas que existen entre o sexo masculino e o feminino.

Recoñecemento da importancia de educar en igualdade de xénero o que repercute no desenvolvemento do noso alumnado e favorece un comportamento cívico en condicións igualitarias onde o feito de ser muller ou home non debe vir establecido pola imposición duns determinados roles sociais.

Educación ambiental

Sensibilización polos elementos físicos e biolóxicos do medio natural.

Proposta, valoración e, se é posible, participación en actividades de conservación do medio natural.

Desenvolvemento de hábitos que permitan colaborar na conservación do medio ambiente.

Identificación dos principais problemas que afectan á conservación do medio ambiente relacionados co esgotamento de recursos, a contaminación ambiental, a radioactividade dos residuos nucleares, a choiva aceda, etc.

Sensibilidade ante tódalas formas de vida, xa sexan animais como vexetais.

Educación do consumidor

Conciencia das repercusións que produce no medio o refugallo de todo tipo de produtos e materiais.

Adquisición do hábito de se informar, como consumidores, da composición dos produtos que consomen.

Educación Vial

Toma de conciencia dos efectos negativos do alcohol especialmente coa conducción de vehículos.

Valoración daqueles aspectos que melloran a circulación, rodada ou peonil, daquelas persoas que presentan discapacidades físicas.

22. PLAN DE CONTINXENCIA POR MATERIA E NIVEL

Aínda que a posibilidade dun confinamento parcial ou total no noso centro é menos probable que o curso pasado, establecemos igualmente un plan de continxencia para cada curso e materia. Desde principio do curso todo o material necesario estará accesible no curso de Bioloxía e Xeoloxía da Aula virtual do noso centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/aulavirtual/>

(e, en moitos casos tamén no *Google Drive*); así, o noso alumnado, pode seguir en contacto co/a profesor/a, e traballando e enviando o necesario para preparar e superar con éxito a materia correspondente en todo momento:

- **1º ESO BIOXEO, 3º ESO BIOXEO, 4º ESO BIOXEO, 4º CUCI, 4º ESO CIENCIAS APLICADAS:**

O alumnado destes niveis traballa coa *plataforma EDIXGAL* polo que todos teñen ordenador portátil e acceso á materia; non hai casos detectados de problemas de conexión. En caso de confinamento o alumnado poderá seguir traballando e presentando o solicitado a través desta plataforma. Se se presentase algún problema de conexión puntual, o alumnado poderá presentar o requerido engregando o material na conserxería do centro. O 50% da cualificación correspondente ás probas escritas será substituído por traballos nos que o alumnado demostre a adquisición dos coñecementos e as competencias na materia de Bioloxía e Xeoloxía.

- **1º BACHARELATO BIOXEO, ANATOMÍA APLICADA DE 1º, CULTURA CIENTÍFICA DE 4º ESO e 1º BACHARELATO E CIENCIAS DA TERRA DE 2º**

O alumnado terá acceso desde o principio de curso aos materiais da materia correspondente no curso Bioloxía e Xeoloxía da Aula Virtual do noso centro. En caso de confinamento este será o principal medio de comunicación co profesorado. Este informará a través destas plataformas, do traballo que deberá facer o alumnado, prazos de entrega... En caso de que este confinamento afecte a algunha proba escrita o/a profesor/a poderá optar por realizar unha proba virtual ou solicitar a realización dun determinado traballo que permita demostrar ao alumnado que acadou os coñecementos e competencias básicas na materia. Na actualidade non se detectou ningún problema de conexión nin falta de material dixital no noso alumnado pero no caso de detectar algún problema de conexión puntual que poda aparecer ao longo do curso, ese alumnado poderá presentar o requerido na conserxería do centro.

- **2º BACHARELATO BIOLOXÍA:**

Todo o noso alumnado de Bioloxía de 2º de bacharelato ten acceso ao material necesario (apuntamentos, boletíns, videos explicativos...), a través da aula virtual do centro. Neste nivel e materia, debido á necesidade de preparar axeitadamente a proba selectiva ABAU, en caso de que o confinamento afecte a algunha/s proba/s escrita, esta/s será/n realizada/s de forma virtual, de xeito semellante a como se fixo no estado de alarma do curso 2019-2020.

En caso de confinamento préstase especial atención ao *alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e/ou en risco de exclusión social*. En colaboración co departamento de orientación e coordinados con este, desenvolveremos todas as medidas de atención á diversidade necesarias: facilitaráselle todos os recursos ordinarios ou extraordinarios, xunto cunha atención específica e personalizada tanto no proceso de ensino presencial coma non presencial.